Bermúdez Jambrina, como tantos peregrinos do ideal, non puido ver realizado o soño que tanto agarimaba: Un fatal accidente automovilístico, á saída da vila asturiana d-Avilés, derrancoulle a vida cando xa estaba anunciado o seu retorno triunfal á cidade dos seus amores pra aitar, ao frente d-unha compañía hespañola de comedia, no teatro "Rosalía de Castro" da capital de Galiza, en cuia sala s-había iniciado como actor. Este debut, estaba fixado pra o Sábado de Gloria do ano 1919. Dúas somanas denantes, Bernardo Bermúdez Jambrina deixaba d-eisistir.

Rosario, 15 d-Outubro de 1950.

El Centro Betanzos necesita del apoyo de todos para realizar la obra que aspiramos.

Colabore con las Comisiones Directivas sean ellas cuales fueran y traiga un nuevo socio a la Institución.

Taller Mecánico de Automóviles

Méndez Hnos. & Medin

Electricidad - Tornería - Soldadura Autógena y Eléctrica - Motores a Explosión

Frenos Hidráulicos y Mecánicos - Reparaciones en General



Fitz Roy 1831

T. E. 72 - 1549

"MERCADO DEL CONGRESO"

PUESTOS Nros. 36/38

José Pillado & Cía.

(Socio Victorio Angio)

Moreno 1747

CONFITERIA

LA CONTINENTAL

FABRICA ELECTRICA DE MASAS Y BOMBONES
SERVICIO ESMERADO PARA CASAMIENTOS Y BAUTISMOS
RECOMENDAMOS LOS HELADOS DE NUESTRA ACREDITADA CASA

Hermoso Salón para Familias

Belgrano 1802 T. E. 38, Mayo 9147

PEDIDOS: T. E. 38, MAYO 0432

A mé
la aud
nicas r
esta Re
Roque
éxito, c
público
los elog
argentil
firma, t
Betanz
tradicio
El sé
danzan
deones
grama
una in
sultand
sede pe
current
el corc
Ayunto
"La Re
Angel
presen
de nu
Centro
dad de
Danza
progra

Significativo éxito alcanzaron

los festejos de San Roque

A más de los actos realizados los 16 y 20 y la audición radial del 12 de Agosto, cuyas crónicas respectivas ofrecemos en otro lugar de esta Revista, el programa de festejos de San Roque de este año alcanzó un significativo éxito, como lo demuestra la gran cantidad de público que se hizo presente en los mismos y los elogiosos comentarios vertidos por la prensa argentina y gallega de esta Capital. Ello confirma, una vez más, el hondo arraigo del Centro Betanzos y la popularidad de nuestras fiestas tradicionales.

El sábado 12 de Agosto, hubo una velada danzante amenizada por el conjunto de acordeones de los Hnos. Moreira y un selecto programa de grabaciones. El 19, se llevó a cabo una interesante reunión artística-danzante resultando insuficiente la capacidad de nuestra sede para albergar la cantidad de público concurrente a la misma. En la parte artística, actuó el coro "Castelao" de Parroquias Unidas del Ayuntamiento de Rianjo y el conjunto de Laúdes "La Rondalla", ambos dirigidos por el maestro Angel Romero, quienes tuvieron una destacada presentación. Recordando los motivos populares de nuestro pueblo, el cuerpo de danzas del Centro Betanzos demostró una vez más la calidad de sus integrantes interpretando las típicas Danzas de Mariñeiros y Labradores y cerró el programa el conjunto de gaitas de Dámaso


Gómez y la pareja de baile gallego, hermanitos Maceira. Todos los números se desempeñaron eficazmente, siendo muy aplaudidos.

Seguidamente se dió comienzo al baile, el que estuvo animado con el concurso de la orquesta "Panchón-Sales", dirigida por el popular "Panchón" recientemente llegado de nuestra tierra, quien hacía su primera presentación en Buenos Aires. El público recibió cariñosamente a la misma y su comportamiento fué satisfactorio. En la pista al aire libre actuó Dámaso Gómez y su conjunto de gaitas y se dieron a conocer las más novedosas grabaciones bailables de actualidad.

Debemos dejar constancia de nuestro agradecimiento a la sociedad de Rianjo y a los conjuntos Coral y de Laúdes que tan gentilmente prestaron su valiosa colaboración, realizando con su presencia esta fiesta.

Clausurando el programa de festejos, el sábado 26 hubo otra velada danzante amenizada por Sixto y su conjunto y en donde fué servido un sabroso chocolate con churros que se repartió gratuitamente entre los concurrentes.

En resumen que el San Roque de los betanzos emigrados cada día alcanza más esplendor y en los actos realizados los días 12, 16, 19, 20 y 26 de Agosto, vivimos la ilusión de encontrarnos en los deliciosos parajes de la incomparables mariñas betanceiras.



BETANZOS: Plantación de lúpulo.

Significación del día de San Roque

La festividad del San Roque brigantino es ya eminentemente popular y de arraigo tradicional en Buenos Aires. Puedo afirmar —sin temor a que nadie me contradiga— que a excepción del Día de Galicia y de las fechas cívicas que son comunes a todos los gallegos, nuestras fiestas de San Roque son las más importantes, las más populares y de mayor amplitud que se celebran por la colectividad gallega en esta Capital.

Existen algunas personas, que al ver los programas de festejos del Centro Betanzos, y leer Día de San Roque, tienen un gesto despectivo como diciendo: ¡bah, cosas de iglesia!; y se forman un concepto equivocado de nuestras fiestas. Por eso, aprovechando la publicación de este número de la revista BETANZOS, quiero dejar bien establecido qué es y qué significa para los hijos de Betanzos el Día de San Roque.

En primer lugar, debemos tener en cuenta la característica del pueblo gallego. Es sabido que antiguamente la división de Galicia, o mejor dicho la configuración de Galicia, estaba representada por parroquias, y los puntos de reunión del pueblo eran siempre los atrios de las iglesias. Más tarde dividióse en municipios, partidos judiciales y provincias, que es la que subsiste en la actualidad. Pues bien; no existe parroquia, municipio o partido judicial que no tenga el santo de su devoción. Todas las fiestas populares de Galicia tienen un origen religioso y eso es incuestionable. Incluso, nuestro día máximo, la fecha nacional gallega por excelencia, el Día de Galicia. Con San Roque ocurrió exactamente igual que con el apóstol Santiago. Empezó siendo fiesta de la iglesia para convertirse luego en fecha del pueblo en general.

El origen del culto a San Roque, en Betanzos, se remonta al año 1416. Es preciso situar cada cosa en su tiempo. En nuestros días no sería posible concebir lo que en aquella época era una firme convicción del sentimiento, más que religioso, supersticioso del pueblo. En aquel entonces, una terrible peste azotó la ciudad de Betanzos diezmando implacablemente a sus habitantes, hasta el punto de que hubo necesidad de enterrar los cadáveres incluso en las calles, tal fué el número elevado de mortandad. La gente, de buena fe, creyó que sería un castigo divino y se encomendó a San Roque haciendo la solemne promesa del voto para que los librase de tan mortífero mal. El santo, "hizo

su milagro", y desde entonces se nombró a San Roque patrono tutelar de la ciudad de Betanzos y esa tradición se viene cumpliendo sin interrupción a través de los tiempos.

Hoy sería ridículo el pensar en combatir alguna peste implorando la merced de algún santo milagroso. Todos sabemos que la instrucción es el peor enemigo de las supersticiones y de los milagros, y cuanto mayor sea el grado de cultura de un pueblo, menor será también el número de "milagros" que se produzcan. Pero los tiempos son los tiempos y nosotros, que tenemos la suerte de haber sido educados bajo un sistema más liberal y con menos obscurantismo en la cuestión religiosa, no debemos —ni tenemos el derecho de hacerlo— burlarnos de aquel ingenuo sentimiento de credulidad que animaba la fe de nuestros antepasados. Galicia es un pueblo eminentemente tradicional en todas sus cosas y ello debemos respetarlo, incorporando dichas tradiciones a la evolución de la época en que vivimos.

El San Roque, empezó siendo una misa solemne y una gran procesión, con la efigie del Santo, a través de las calles de la ciudad el día 16 de Agosto de cada año. Actualmente sigue habiendo esa misa y la procesión, en el mismo día, pero ello no es más que una parte de los festejos. La verdad es que el San Roque de hoy, son once días de fiesta en los que todo Betanzos y las comarcas cercanas al mismo, viven exclusivamente dedicados a la diversión y al esparcimiento. El sentido religioso de la festividad, lo mantienen aquellos que practican dicha creencia con mayor intensidad, pero para la mayoría del pueblo, el Día de San Roque, es el día popular que se manifiesta en esas exteriorizaciones jubilosas que se inician el día 14 de Agosto, finalizando el 25 del mismo.

Nosotros, los hijos de Betanzos, que por diversas circunstancias los azares de la vida nos llevaron lejos del terruño, vivimos la emoción del recuerdo de aquellos días y los recordamos con cariño, pues ello nos permite evocar, en toda su intensidad, las horas felices de una infancia que jamás envejece en nuestro sentimiento de amor al terruño que nos vió nacer.

Ningún brigantino, por poco creyente que sea, podría atreverse a pretender extirpar esa tradicional celebración que encierra en sí misma el sacudón emocional que despierta el sólo nom-

brar el l
todos los
imaginac
amigos,
en fin, s
allá, per
permane
los años
de aque

Una c
en nuest
podremo
Ellos son
tan acer

En los
y lo mo
Roque.)
sobre lo
evolució
mantenie
Santo Pe
de respe
natural c
pero sin
tinios pre

Quizá
rencia a
concentr
clusión)
al afirma
que desp
ve con n
no es ni
ción del
las que
y que pe
Los Ca
cienteme
punto de
de los l

brar el Día de San Roque. Todos los días, de todos los años, en algún instante viene a nuestra imaginación el recuerdo de Betanzos. Familiares, amigos, antiguos amores, paisajes, costumbres, en fin, siempre hay algo que nos lleva hacia allá; pero cuando llega el San Roque, vivimos permanentemente con la ilusión maravillosa de los años en que tuvimos la dicha de gozar de aquellos incomparables festejos.

Una cosa llevamos más que nada grabada en nuestra mente. Es algo que sólo en Betanzos podremos volver a encontrar. ¡Los Caneiros! Ellos son el paganismo de nuestras fiestas, que tan acertadamente definió Sofía Casanova:

¡Los Caneiros!
¡Poesía inefable de mi tierra
divinamente pagana
y cristianamente bella!

En los Caneiros se concentra lo más hermoso y lo más "enxebre" de las fiestas de San Roque. Y es también el triunfo de lo pagano sobre lo religioso, porque así lo ha querido la evolución de los tiempos, y aunque sigamos manteniendo esa especie de veneración por el Santo Patrono, ello no es más que un tributo de respeto a la fe de nuestros mayores y un natural apego a todo lo que encierra tradición, pero sin que ello signifique el que los brigantinos pretendamos tener un santo milagroso.

Quizá a alguien pueda parecerle una irreverencia estas expresiones, pero a poco que se concentre en sí mismo, llegará a idéntica conclusión y comprobará que estoy en lo cierto al afirmar rotundamente que del San Roque lo que despierta nuestra renovada emoción y revive con más intensidad en nuestra imaginación, no es ni el Santo, ni la procesión, ni la función del voto; son las otras cosas; las populares, las que llevamos grabadas en nuestro recuerdo y que podemos sintetizarlas en un solo nombre: ¡Los Caneiros! Fiesta que nunca será lo suficientemente exaltada y que seguirá siendo el punto de atracción del sentimiento de "morriña" de los betanceros emigrados.

Un Garelo.

Mercado

"SAN CRISTOBAL"

Puestos 24 y 55

Venta de Carne y Hachuras en general

"EL SENTIMIENTO"

Rodríguez y Pietropaolo

Entre Ríos 759

T. E. 37 - 5262

Chanchería Catalana

— de —

RODRIGUEZ MARIZ Hnos.

MERCADO SAN CRISTOBAL

Puestos Nros. 103 - 104 - 105

T. E. 38, Mayo 8767

Conferencia do Dr. Ramón Rey Baltar na celebración do día de Galiza

Verbas pronunciadas no aito organizado pol-a Comisión Intersocietaria
de Entidades Coruñesas.

Donas, irmáns e amigos:

En lembranza da nosa terra e afirmando a nosa estirpe, vimos eiquí a celebrar a festa máisima da galegitude.

¡25 de Xulio! ¡Data de gloria para Galiza! Naquel amanecer da nosa nazionalidade xurdeu o milagre. O bispo iriense Teodomiro, alumeado pol-a estrela do Libredón, descubriu o corpo de Sant Iago, que xacía sepultado no meio dos seus discípulos, Atanasio e Teodomiro.

Non vou a poñer en dúbida a veracidade da lenda. ¿Para qué? Hai quen cree nela coa fé dun corazón sinxelo. Hai quen afirma que os restos atopados eran os do mártir galego Prisciliano, decapitado en Tréveris por herexe, e que os seus discípulos levaron á súa terra para que nela repousara eternamente. Nin falta quen diga que todo é pura invención...

¡Qué máis dá? A hestoria unhas veces chega a ser mito, e outras o mito faise historia. De tal xeito, que ao cabo do tempo, cando todo se confunde e se esfuma na remota lonxanía, a humanidade non atina distinguir a verdade da mentira, e quédase ao mellor coa derradeira porque é máis belida e fala ós seus sentimentos.

Para mín total-as creencias son diñas de respecto, coido que ésta é a condición esencial para que e exista unha perfeita convivencia entre os homes. Pero calquera que sexa a opinión que se teña desta data, sempre constituirá o fito que sinala o nacemento da nosa personalidade histórica. A partir dela Galiza cobra de súpeto unha forza incontrastabel e vaíse concretando como nación.

Aqueles clans celtas de acusada individualidade, soxugados primeiro pol-os románs e logo pol-os suevos, misturados ao cabo cos seus dominadores, despois de limpar de musulmáns a súa terra, agrúpanse ao redor do mítico compostelán e infunden unha nova savía, unha nova fé aos da península que loitan por ceibarse do xugo africán. Galiza dá un gran pulo á Reconquista, levando ao seu Apóstolo como bandeira e defensor da cristiandade. Ao nome de ¡San batallas. Todol-os povos de Hespaña adóptano como patrón, e a fé dos cristiáns chega a velo montado nun cabalo branco, como en Clavixo, combatindo ao par deles.

Compostela convírtese nun santuario de peregrinacións, e a ela acoden xentes de total-as partes do mundo, atraídas pol-os feitos maravillosos do fillo do Zebedeo. Pol-o camiño de Sant Iago desfían en constatable romería, papas, emperadores, reies, príncipes e guerreiros na humilde compañía de burxeses, artesáns, labregos e mariñeiros. Non hai xerarquías; todos se confunden nun soio anceo: orar diante das reliquias do Santo para outer o perdón dos pecados.

Compostela ferve de entusiasmo, e nas súas rúas escóitase o soar das línguas máis estranas. Transfórmase nun crisol onde se funden razas e culturas, para criar logo a súa propia cultura i estendela a todo o mundo con sabor de universalidade. Compostela chega a ser rival de Roma e trócase nun dos tres logares santos da cristiandade. Galiza enteira participa deste xermolar frondoso, e pol-os seus camiños de estrelas van froecendo as eisóticas cancións entoadas por milleiros e milleiros de bezizos, que bendicen o nome de Galiza, terra santa e milagreira, que atrae aos homes de fé e de alma sinxela. Todo renasce e adquire características peculiares e definidas. Fórmase eisi a conciencia nacional.

I eiquí atopámonos coa figura máis outa desta xeira prodixiosa, ao artífice máis esgrevio do noso alborear, o gran Xelmires, que o mesmo se revestía co traxe sacerdotal que coa malla do guerreiro, papelexar o frente das súas tropas. Foi o intre máis trascendental pra Galiza, o intre no que se decidiu o noso destino. Naquel revolto período, no que o rei de Aragón loitaba contra da súa propia muller, doña Urraca, raíña de Galiza, León e Castela, Galiza era o árbitro da situación. Máis dunha vegada as tropas de Xelmires, xuntas coas do conde de Traba, señor de meia Galiza, entraron en Castela para salvar a raíña, atacada pol-os aragoneses e mal defendida pol-os casteláns. Pero as intrigas e a dobrez de doña Urraca acaban coa paciencia dos galegos, que, acaudillados por Xelmires e o conde de Traba, proclamaron rei en Compostela ao fillo da raíña, o que logo reinou co grorioso nome de Alfonso VII.

Galiza poido haber sido entón, ou cabeza das Hespañas, ou un estado independente, como o Portugal, se na nosa terra houbera a unión

requerida para tal empresa, mais as fondas desavenencias e os celos antre os dirixentes impediron que o Estado Galego, que de feito e de dereito xa existía, perdurara no tempo. Doña Urraca, protestando pol-o que ela consideraba despoxo, entrou na Galiza en son de guerra. O conde de Traba, aio do príncipe, asumiu a defensa deste; pero abandonado por Xelmires e por outros señores galegos, e traicionado pol-os composteláns, foi derrotado pol-os partidarios da raíña, quen, anque aceptou o goberno da nosa terra para o seu fillo, foi a costa de axuda de Galiza nas súas contendas familiares e do recoñecemento da supremacía de Castela.

Pasou o século XII, o século máis brillante para nós; e a pouco de escomenzar o XIII, Galiza vai perdendo a preponderancia que había adquirido na época de Xelmires, i esgótase en loitas intestiñas hastra chegar ao malfadado século XV, onde pereceron as súas liberdades, que os Reis Católicos coutaron coa decapitación do mariscal Pardo de Cela na praza de Mondoñedo.

Unha longa noite pecha cae entón sobor da nosa terra. Os nobres, ameazados pol-os reis casteláns, que se achaban no intre de maor poder, acodían á Corte de Castela e convertíanse en fideles servidores da monarquía, esquecendo os seus propios eidos, rexidos por administradores que esquilmbaban ao povo, eisixíndolle as rendas para enviar aos seus amos e para encher os seus bolsillos. Non é pois de estranar que Galiza, cansada de loitas, abandonada pol-os seus señores naturais e invadida por funcionarios alleos, caera nun longo sono do que non despertou até o século pasado, cando a voz dos precursores fixo estremecer o fondo das nosas entranas, chamándonos ao combate, como no antergo o facía o son de corno de "Breogán".

Este despertar auspicioso convírtese en avasalladora corrente a pouco de escomenzar o século en que vivimos e concrétase nunha figura marxistal, única, portentosa, a figura máis outa de todol-os tempos Castelao.

Como vedes, irmáns, desta lixeira percorrida pol-os vieiros da nosa hestoria, despréndese unha leición que non debemos esquecer ende-xamáis. Que nunca seremos grandes nin conquistaremos as nosas liberdades se non estamos xunguidos, ou se perdémolo tempo misturándonos en loitas alleas ao noso ideal. Unha soia ten que ser a nosa teima: ceibar a Galiza das cadeas que a aferrollan. Para elo hai que dar todo; cada un o que teña: intelixencia, acción, cartos. Ninguén debe deixar de contribuir á la-

boura común, ninguén por insignificante que se considere debe permañecer ao marxen desta loita sagrada. Soio eisi lograremos o triunfo.

Temos que desmentir as verbas pesimistas de Murguía cando dí, ao comentar os tempos de Xelmires, que a fatalidade persigueu a Galiza "antes, entoncos, después, eternamente". Sí; é certo que a fatalidade persigueu á nosa terra; pero ¿qué fixeron os seus fillos para vencela? Pelexarse uns contra os outros, ou servir intreses alleos, sen máis finalidade que outer ventaxas persoales. Na Idade Meia loitar os señores antre si ou contra o povo que xemía na escravitude e anceaba unha vida máis diña, máis humán. Nos tempos contemporáns servir ao poder centralista para chegar a ser gobernadores, deputados, ministros. E cando alcanzaban as onturas, mirar olímpicamente á terra onde naceron para avergonzarse, se cuadra, de que lles chamaran galegos.

Eu non teño ningunha fobia contra o povo castelán; penso que él está tan encadeado como o noso e que tamén ten dereito a ser dono dos seus destiños; eu non odio a ningún povo; quen desperta o meu odio e o poder dominante, que se ergue oustinado e impón a sua vontade en contra da dos demáis. A libre unión dos povos é a norma que debe rexir para a vida armónica das nazón, como a libre unión das persoas constitue a base da convivencia social. Hespaña sería meirande e influiría máis no concerto universal se as distintas nazóns que a compoñen formaran unha confederación, na cal, naturalmente, debería estar incluído o Portugal. Os galeguistas non somos ilusos nin antipatriotas, como se nos motexa, cando anceamos unha Galiza emancipada de Castela. Queremos unecamente ditar as nosas propias leis, resolver os nosos propios problemas e desenrolar a nosa propia cultura; pero non pretendemos impor a nosa maneira de ser a ningún povo, nin menos impedir que o conxunto total, a Hespaña confederada, ocupe a posición que meresce pol-a súa situación xeográfica e pol-a súa hestoria.

Hoxe, precisamente, estamos nun intre de confusión que espanta. Os valores de sempre caen esfrangullados por un materialismo de dereita i esquerda que ameaza destruír a nosa civilización nunha loita despiadada de predomiño. O espírito non reza para nada nesta ocasión. O máis feroz egoísmo invade homes e nacións. A hora é de temor e desourentazón. Pero nós non podemos vacilar; a nosa obriga non admite dúbida. Os galegos espallados pol-o mundo non debemos ter outro pensamento que o de liberar a nosa terra.


Agora ben; sobor deste punto teño algo que decir. Hay quenes afirman que o esencial é conseguir a separación de Galiza do poder central, aunque sexa a costa da perda das liberdades individuais. Eu protesto contra esta afirmazón; a mín non me interesa unha Galiza ceibe que non me permita exercer os meus dereitos de home libre. Por esa Galiza eu non sinto a menor atracción. Prefiro vivir libre na rexión máis apartada da terra antes de aceptar a escravitude na miña, por moi independente que ela sexa como nazón. Autonomía para Galiza e República para Hespaña, dixo moitas veces Castelao, condensando nestas verbas a política galeguista. E decir, que nós desexamos para a nosa terra o dereito de gobernarse por sí mesma, pero dentro dun marco liberal e democrático, igual para todol-os povos que integran a península, pois "non hai homes libres en povos escravos".

Máis para lograr este anceo, que xurde das nosas entranas como unha obriga aos mártires que morreron pol-a liberdade da nosa terra, é mester que todol-os galegos permañezcamos estreitamente xunguidos por azos que non se poidan quebrar endexamáis. I eses azos, fortes como o granito das nosas montañas, non poden seu outros máis que os que hoxe nos xungen eiquí para celebrar a meirande festa nosa: O Día de Galiza.

Baixo o signo desta data simbólica, cabemos todol-os galegos sen mengua para ninguén. Poida que haxa un grupo de fanáticos que diga que se trata dunha festa da Eirexa e que ó

celebrala significa o recoñecemento dun feito felixoso, de fó. Certamente; máis ese feito, inventado ou real, marca o albor da nosa nacionalidades, o intre no que Galiza escomenza a xurdir coa peculiaridade que lle é propia. Debe, pois, ser tamén considerado como o feito cívico meirande da nosa hestoria. Creentes, escépticos e ateos podemos comulgar neste día nos mesmos anceos e abrazarnos como irmáns de sangue e de ideial. Ningúns azos máis puros para que os nosos corazóns latexen de entusiasmo e de fé no porvir da nosa terra. Nin a suxa política nin o torpe egoísmo nin os máis bastardos fins utilitarios mistúranse á emoción que todos experimentamos nesta hora de amor e de esperanza.

Á emoción patriótica que invade os nosos peitos e rube aos ceos da nosa ilusión non pode deixar de ser sentida por todos aqueles que se gaban de bós galegos, de bós fillos dunha patria que anecemos grande, fermosa e ceibe. Non, non pode haber ningún galego que repudie a celebración desta data sen caer baixo a acusación de traidor á súa terra. O Día de Galiza, calquera que sexa a calificación que se lle dea, civil ou relixiosa, debe constituir sen dúbida o día máis glorioso para todol-os galegos. Neste día, sagro para nós, debemos reafirmar a fé nos outos destiños de Galiza e non esquecer que alá, no chan regado pol o sangue de tantos mártires, xemen opresos na máis preta tiranía os irmáns que agardan afanosos a axuda que nós temos a obriga de lles dar.




BETANZOS: Monte de Espenuca visto desde Chelo.

Nómina de patriotas gallegos que enviaron su aporte a la suscripción iniciada por el Centro Betanzos pro colocación en su sede social de un busto de bronce, que perpetuará la memoria del que fuera nuestro Presidente Honorario y la figura más ilustre y representativa de la Galicia contemporánea:

DR. ALFONSO R. CASTELAO

Sr. Agustín García	\$ 50.—	" Juan C. Lizzoli	10.—
" Antonio Suárez do Pazo y Sra.	50.—	" Angel López	5.—
" Juan Edreira	100.—	" Antonio Martínez	5.—
" José Ma. Ferreño	50.—	" S. López	5.—
" Eugenio Sánchez	50.—	" Juan Verdía Méndez	10.—
Sra. Ramona C. de Corujo	20.—	" E. Mosquera	10.—
Sr. Ismael Mallo López	50.—	" J. Rodríguez Beade	10.—
" Eduardo Abruñedo	10.—	" Luis López Sánchez	10.—
" Bernardino García	50.—	" Tomás Vilar	10.—
" Luis Picado	10.—	" Roque Ferreiro	10.—
Un Betancero	100.—	" Francisco Más	10.—
Sr. Jesús Vía Golpe	50.—	" Manuel Dans	20.—
Familia Campos Barral	35.—	" J. Vázquez	10.—
Sr. Antonio Salorio	10.—	" Lorenzo y Regueira	10.—
" Agustín Montoto	50.—	" Lorenzo y Diseo	10.—
" Celestino Rechou	20.—	Círculo Santiago de Compostela (Pro	
" José Regueiro	50.—	Centro Gallego)	300.—
" Aquiles Lambruschini	5.—	Sr. José Villamarín Prieto	100.—
" Agustín Cachaza	20.—	" Elías Lourido	5.—
Centro de Sangenjo	100.—	" Andrés Gómez	50.—
Sr. José Viqueira	500.—	" Manuel Rodríguez	20.—
" Pedro C. Romero	20.—	" T. Feijóo	5.—
" Santiago R. Gasalla y Sra.	30.—	" Rodrigo López	20.—
" Francisco García	10.—	" Victoriano Alvarez	30.—
" Juan Barreiro	20.—	" José Petos	20.—
" Manuel Miguez	20.—	" Emilio Monso	5.—
" Luis Cortiñas	5.—	" Antonio Díaz	10.—
" Luis Daporta	50.—	" José Pillado	10.—
" Andrés Portilla Puente	25.—	" Rubén López	10.—
" Juan Suárez	50.—	Dos firmas	10.—
" José Cruz Sánchez	5.—	Sr. José Sánchez Vázquez	50.—
" Francisco Sande	10.—	" Casimiro Dopazo	50.—
" Lisardo Bendoiro	10.—	" Engenio Vaamonde	50.—
" Ricardo Mosquera	100.—	Sra. Digna Iglesias de Daporta	10.—
" José Ares Miramontes	30.—	Srta. Beatriz Daporta	5.—
" Abimael Mallo López	50.—	Sr. José Luis Daporta	5.—
" Enrique Mosquera	10.—	" Ramón Daporta	5.—
" Angel Vázquez	14.—	" José Daporta	30.—
Foto Lyon	50.—	" Manuel Vales	10.—
Sociedad Hijos de Pol	100.—	" José Insúa	50.—
Sr. Francisco Carro	20.—	Asociación Oza de los Ríos	50.—
" Antolín Pellejero	50.—	Sr. Vicente Abarrategui Paradela . . .	50.—
" Juan Charlón Calviño	10.—	" Ricardo López	10.—
" Hipólito Vía	100.—	" Lisardo Martínez Barral	40.—
" Manuel Puente	100.—		
" Pedro Campos Couceiro	10.—		
" Manuel García	10.—		
		SUMA TOTAL	\$ 3.444.—



Membros da Comisión Directiva do Centro Betanzos faguendo garda de honor diante do busto a Castelao, obra do escultor Don Domingo Maza quén tamén fai a suagarda(x).

O 7 de Xaneiro cumpreuse o primeiro aniversario do pasamento a inmortalidade do esgrevio fillo da nosa Patria, figura eixcepcional na historia de Galiza á que soupo honrar e representar con diñidade e con outura en todol-os intres da súa vida, Dr. Alfonso R. Castelao.

Na memoria de tan escrarecido galego —Presidente Honorario da nosa entidade— o Centro Betanzos descubreo un busto de bronce na súa sede social, rúa México 1660, n-un emotivo aito qu-acadou fonda transcendencia. O aito levouse a cabo o sábado 6 de Xaneiro, as 22 horas, e contou c-a presenza d-unha eixtra-ordinaria concurrencia de público entre o que se alcontraban, representantes dos gobernos vasco e catalán, membros do Consello de Galiza, representacións de Casa de Galicia de Montevideo, de cuasi total-as entidades galegas de Bós Aires, representantes dos periódicos arxentinos e galegos i-as mais destacadas persoalidades da nosa coeitividá. Enviaron a súa adhesión, en conceptuosas notas, o Centro Galego de Bós Aires, Centro Galego de Avellaneda, Federación de Sociedades Galegas, Irmandade Galega, Agrupación Galicia, A Terra e Círculo Santiago de Compostela (Pro Centro Galego), Centros Lucense, Orensano, Co-

ruñés, Pontevedrés, A. B. C. do Partido de Corcubión, Casa de Galicia de Bós Aires, Comisión Pro Relacións entre as Sociedades do Partido Xudicial de Betanzos, e moitas outras de distintas sociedades galegas d-ista capital. Tamén se recibiu unha eixpresiva nota do prestixioso artista betanceiro e gran patriota galego, residente en Rosario, señor Xosé Ares Miramontes. Enviaron ofrendas froraes —a mais da correspondinte ao noso Centro i-ós conxuntos coral e de danzas— o Centro Galego de Bós Aires, Irmandade Galega, Sociedades do Partido Xudicial de Betanzos, Agrupación Galicia (Pro Centro Galego) e Sociadé Parroquias Unidas do Ayto. de Rianxo. Debemos destacar que Irmandade Galega, Agrupación Galicia e Rianxo, enviaron notas invitando os seus asociados a concurrir a iste aito, eisi com-as publicacións e comentarios feitos na prensa e radio arxentina e periódicos galegos, todo o cal sumouse para qu-iste aito adequirise tan outas proeicciós e siñificativa importancia.

Deu comenzo ó mesmo c-a interpretación do Hino Galego pol-o noso coro social, i-a seguido o Presidente do noso Centro, señor A. Suárez do Pazo, en emotivas verbas eixpresou o sentimento do Centro Betanzos ante a perda do inesque-

cíbel guieiro desaparecido, procedendo a descubrir o busto de Castelao en medio da emoción que fixo presa en todol-os presentes.

O Presidente do Centro Betanzos mañifestou o seguinte:

"C-a emoción do noso sentimento patriótico, imos hoxe a honrar ao mais ilustre fillo da Galicia contemporánea, i-a figura mais representativa do sentimento de Patria da nación galega.


No intre da morte de Castelao, decía un escritor e poeta galego residente na nosa terra: «coido que si estivera nas miñas máns salvar par-o porvir a obra d-unha personalidade galega, sabendo que se mergullaría no esquecemento o resto da nosa cultura, eu escollería a obra de Castelao. Pois ficando na lembranza dos homes a obra de Castelao, a cultura galega, por moitas mortes que morrera, tería seguranza de resurrección. En Castelao únense o xenio persoal i-o xenio racial. Así, a súa obra, inda qu-asombrosamente galega, non ten un ár anónimo, senón profundamente individual. Ista superación de contrarios, iste ser Castelao sen deixar de ser Galicia, e un dos rasgos mais característicos do inmortal home de Rianxo. Hoxe non sabemos se Galicia fixo a Castelao ou Castelao fixo a Galicia. No Pórtico da Gro-

ria do noso espírito, florecerá eternamente a sorriso divinamente humán d-iste maravilloso Daniel».

Eisí istá definida a personalidade de home que hoxe relembamos. Falar d-il e unha redundancia. Todo istá dito. Somentes fai falla seguir o seu eixemplo. Hoxe, o cumprirse o primeiro aniversario da súa morte, a súa figura axigántase na distancia e no tempo, e recién empezamos a decatarnos da súa verdadeira grandeza.

Cábelle! o Centro Betanzos, a outa orgueza de sere a primeira sociedade galega que perpetua no bronce a figura inmorrente do gran Castelao. Á súa presenza, que sempre nos acompañou nas nosas grandes, celebracións, istará densde hoxe deica nós para presidir os nosos aitos. Ista casa, pol-a qu-il sentía tanto agarino, e densde hoxe mais venerábel. Istamos seguros que densde o Alén, a sorrisa de Castelao acepta compracido iste homenaxe dos seus amigos betanceiros.

Castelao quería profundamente a Betanzos. Pol-a súa representación de cidade anterga e pol-o seu realismo hestórico. Lémbrome agora, d-aquila mañífica disertación que nos fixo saber da nosa cidade, cando lle entregamos o título de Presidente Honorario do noso Centro. N-aquilas verbas latexaba o seu cariño i-os



O presidente do Centro Betanzos descubrindo o busto de bronce qu- inmortaliza a esgrevia figura do prócer da galegidade, Castelao.

seus coñecimentos da hestoria, da tradición e das costumes da cibdá dos cabaleiros. Na sua casa da rúa Belgrano istá un dous seus cuadros predilectos. E un cuadro de cegos, debuxado pol-a súa man maestra i-a quén tidou "Os meus compañeiros". N-aquíl cuadro, feito con tanto agarimo, Castelao debuxou a Ponte Nova, o Peirao, o río Mendo i-a vista xeral de Betanzos. Eu, que fiven a sorte de que Castelao me consideráse seu discípulo e seu amigo, podo dar fé da emoción e do cariño con qu-il sempre falaba de Betanzos, da nosa cibdá e do noso Centro. Moitos dos aitos, culturais e patrióticos qu-eiquí filleron, foron suxeridos ou programados por aquíl ademirábel maestro. Cando o nomeamos Presidente Honorario do noso Centro, viviu un intre emocional. Il, que istaba acostumbrado a tantos agasallos, mañifestou qu-aquíl tíduo, era un dos homenaxes qu-aceptaba mais compracido, porque Betanzos foi unha casa que sempre lle abriu de par en par a sua porta, e n-ela dixo un dos seus primeiros discursos o chegar a Bós Aires, e foi tamén onde desenrolou mais actividades oficiais.

Castelao, entraba contento n-ista casa, porque toda ila latexaba, e latexa, galeguidade. Empregando as suas mesmas verbas, podemos decir qu-ista e unha das casas mais galegas de Bós Aires, pois densde a porta da calle, o entrar eiquí recíbese a impresión d-entrar en Galicia. Eiquí todos falamos galego, e ríndese afervoado culto o sentimento patriótico. Son moitísimas as veces que Castelao falou densde iste mesmo sitio onde hoxe istá no bronce a sua figura inmorrente. En banquetes e aitos culturais e patrióticos, orgaizados pol-o noso Centro, ou pol-as sociedades que conviven con nosco, sempre estivo presente a venerábel figura do maestro. En ningún local de Bós Aires desenrolou tanta aitividade. Poderán decir algúns, que na sua moradía transcurreo a sua vida íntima, pero a sua aituación pública, a sua prédica a prol do galeguismo, desenrolouse na sua maor parte n-ista casa, e iste e un outo honor que reclama para sí, con toda xustiza, o Centro Betanzos, qu-en todol-os intres da sua longa vida societaria foi sempre o mesmo qu-é hoxe; un fogar galego c-o corazón aberto a todo canto siñifique galeguidade.

Alguén dixo, fai pouco tempo, qu-ista casa era com-un santuario da Galicia emigrada. Agora adquiren mais realidade aquilas verbas, pois e n-iste pedazo grande de Galicia, onde primeiro qu-en ningún outro, a figura de Castelao dalle quentura a friaxe qu-en total-as casas galegas deixou a sua morte. Eiquí terán de vir en pelegrinaxe cantos admiraron o mestre,

i-a sua presenza viva inspirará as nosas futuras aituacións, e digo presencia viva, porque Castelao endexamais poderá morrer no corazón e no sentimento dos galegos. O seu espírito, a de ser sempre a estrela alumecante que guiará as arelas i-as inquedanzas do povo da nazón galega, e mentras eisista Galicia, mentras haxa un galego, a estrela de Castelao alumeará o rexurdir da nosa Patria, porque Castelao e un símbolo da Galicia latexante, e dia chegará en que no altar da Patria ocupará o lugar que lle istá reservado o seu fillo mais esgrevio, e sen en vida non puido ocupar aquíl posto sinalado, densde o Alén, a de acompanyarnos na materialización da realidade qu-il sempre pregou nos longos anos da sua loita.

Imos a descubrir un busto a Castelao qu-é como se dixéramos, imos a levantarlle un monumento a Patria. Todos sabedes a hestoria d-iste busto, cuja colocación foi disposta pol-o voto unánime dos asociados do Centro Betanzos, presentes na Asambrea Xeral do 23 de Febreiro de 1950. A sua financiación estivo a cárego dos galegos patriotas que constituíen o núcleo societario d-iste Centro. Tamén contribuíron a iste ouxeto, outras persoas que, sin ser socios, simpatizan c-a ourentación das nosas actividades, eisí como tamén recibimos o aporte d-algunhas entidades irmáns que se sumaron a iste homenaxe. N-ise cuadro de honor, figuran os nomes dos contribuíntes. Para todos iles, vaia o testimoño da nosa obriga i-o recoñecimento á sua lealdade i-o seu patriotismo.

O busto foi obra d-iste gran escultor galego, qu-e don Domingo Maza. O irmán Maza puxo n-ista obra, a mais das suas recoñecidas aptitudes de artista o seu sentimento de galego, e non podía ser d-outro modo, pois quenes coñecemos a Maza sabemos do agarimo e do respeto que profesaba a Castelao, e non e pois d-extrañar o cariño con que fixo ista obra d-arte, que refrexa con escatidade a figura venerábel de noso inesquecível maestro, e que constituíe un extraordinario traballo artístico do amigo Maza, como vostedes haberán d-apreciar.

Moito se ten dito, e moito mais haberá de decirse, sobor de xigantesca personalidade de Castelao. Debuxante, escritor, arqueolóxico, político, patriota; en todas istas actividades destacou sempre as suas condicións de home excepcional. Por iso, para Galicia, ten de ser un outo orgulo haber doado o mundo civilizado un vaor de tantos merecimentos, como ten de ser pra nós, os emigrados, que tivémol-a dita de tel-o a nosa veira nos derradeiros días da sua vida, e re-

cibimos as suas eixemprares leccións i-as suas sabias ensiñanzas. Dentro d-algúns anos, quizá-bes non moitos, será un dos nosos orgulos poder decir que coñecemos a Castelao, e ise orgulo haberá de axigantarse, c-o percorrer do tempo, cando as novas xeneracións empezen a aprender a vida i-a obra de Castelao, e n-isa biografía terá de figurar o sentimento da co-leitividade galega de Bós Aires, que soupo istar sempre a outura da sua responsabilidade, acompañando a Castelao na sua prédica durante a sua vida, e seguindo o seu eixemplo e mantendo a sua presenza, mais alá da propia morte.

Doñas e señores: Invitando a todos vostedes a poñerse de pé, no nome do Centro Betanzos, institución galega da qu-e noso morto foi o primeiro i-o único Presidente Honorario, vou a descubrir o busto que perpetua no bronce a figura mais ilustre da Galicia contemporánea, do galego mais galego de total-as épocas, do artista xenial que mellor que naides captou a sensibilidade do noso povo, do político honesto que sirveu con lealdade a causa da sua terra, do estudioso qu-empregou a sua sabenza o servicio da cultura do seu país, do home que renunciou a todol-os halagos i-a total-as comodidades para levar unha vida de loita e de sacrificio, sempre cara o chán nativo.

Vede eiquí a figura inmorrente do noso Castelao. Qu-a sua presenza sexa o fonte nutricia i-o númen inspirador da galeguidade que debemos imprimirlle aos nosos aitos futuros se queremos ser diños da memoria do gran maestro galego, a quén hoxe, cumprindo c-o sagro deber de patriotas, vimos a rendirle o noso respetuoso homenaxe i-a renovar o noso compromiso de lealdade e fidelidá ao chán galego, qu-a de ser ceibe porque eisí o quixeron os nosos mortos e isa e a vountade do noso povo."

Seguidamente a emotiva e brillante recitadora, Srta. Xosefina García, interpretou con fondo sentimento patriótico a fermosa poesía qu-o poeta Ramón Cabanillas adicara a Castelao n-o intre do seu pasamento. Os versos de Cabanillas, ¿De que morte morreu a nosa prenda? tiveron unha axeitada intérprete n-ista rapaciña que puxo unha nota d-outa emoción no desenrolo do aito.

No nome das sociedades do Partido Xudicial de Betanzos, falou o Presidente da entidade irmán Oza dos Ríos, señor Manoel Vaamonde, quén fixo unha afervoadá afirmación do sentimento patriótico dos galegos emigrados instando a todol-os presntes a seguir o eixemplo de Castelao na loita permanente pol-o conqwerimento das libertades da nosa terra.


Para referirse a persoalidade de Castelao, fixo uso da verba o destacado escritor e periodista galego señor Rodolfo Prada, cuia elocuente disertación merescou a aprobación da concurrencia que siguiu con atención a sua eixposición algús de cuios conceptos reproducimos a seguido:

Dixo don Rodolfo Prada:

"Moitísimos son os homenaxes que se levan feito ao noso gran Castelao dende que, fai un ano, entrou maxestuosamente na inmortalidade; homenaxes en difrentes logares do mundo: na Galiza, en París, en Londres, en Nova York, en México, na Habana, en Chile, no Brasil, en Montevideo e n-este Buenos Aires onde repousa, até que, no grorioso día en que alumée radios o sol da liberdade na nosa Terra, poida ser levado a ela. Moitos, moitísimos han de sere os homenaxes que aínda se lle farán no porvir.

Mais, antre todos íles, iste que hoxe lle rinde o Centro Betanzos ten, e terá sempre, un significado especial e acadará categoría histórica pol-a circostancia de sere o primeiro homenaxe que se fai a Castelao d-un xeito que lle asegura perdurabilidade, na sua trascendencia ou-xetiva, pras xeneraciós que nos teñen de suceder. E iste o primeiro homenaxe que ficará coallado n-unha representazón da figura de Castelao outida pol-a habelencia artística d-un gran escultor galego, Domingo Maza, e fixada no bronce que pode desafiar aos tempos. A galeguidade de hoxe ea de mañán adicará a Castelao moreas de bustos, estatuas e moimentos, dentro e fora da Galiza. Sobor de tudo no ámago granítico da nosa sagra Terra, están xa a latexar as estatuas do escrarecido Mestre, do lumioso Guieiro, que soio agardan o alborrexar da Liberdade pra se ergueren e procraren aos séculos o grandor ea gloria de Castelao.

Mais, a realidade é que, iste busto, adicado pol-o benemérito Centro Betanzos, é o primeiro homenaxe de ise feitío que se lle rende a Castelao, e coma tal ficará rexistrado nas historias que se han de escribir sobor do esgrevio Guieiro da Galiza eterna. O feito en sí é, dende logo, circostancial; mais, non embargantes, ben parecería misterioso desíño do Destino do povo galego, o que sexan precisamente os fillos de Betanzos quenes primeiro inmortalizan a Castelao no bronce, porque Betanzos, anterga e prócer, non somentes constituie o solar onde se chantou o núcleo dianteiro dos celtas na nosa Terra, non somentes foi o máis brillante berce da nosa nobreza pol-o cal foi chamada «Betanzos dos Cabaleiros», senón que tamén foi, no seu tempo, capitalidade da nazón galega.



Don Rodolfo Prada en una disertación en el cual da personalidad de Castelao. (Guarda de honor, marañeiros e labregos do conxunto de Danzas do Centro Betanzos).

Ten pois, iste homenaxe a Castelao, unha eis-ceuional soleira de fonda raigame histórica; e ten, amáis, a quentura do afervoamento que houbo n-este fogar pol-o seu Presidente Hono-rario.

Iste busto fiscará eiquí procamando, as xer-neracións vindoiras, o reconecemento eterno dos betanceiros emigrados a quén se deu prena e gozosamente ao servizo de canto é pra os galegos, de máis respetabel, de máis benqueri-do e de máis sagro: aquilo que se empecha no conceuto lumioso de ¡patria Galiza! Fica eiquí, na perdurabilidad do bronce, a efixie do máis esgrevio fillo que deu a nosa Terra en tudol-os tempos, do máis eistraordinario espirtu da ga-leguidade, do máis afervoado patriota galego, do que máis traballou ca multiplicidade dos seus talentos e do que máis se sacrificou pol-o rexurdimento da patria galega tan atristurada e amagastrada por catro séculos de escravitude cultural, económica e cívica.

Iste busto ficará coma testemuña de que Cas-telao foi síntesis milagreira da Galiza de sem-pre, de que Castelao foi o escolleito pol-o xenio da raza, pra que n-íl, no seu tenro curazón, resoase tud-a vida da súa patria galega o longo dos séculos: o mesmo as diadas de ledicia, de

gorria e de libertade, com-as noitadas de sofrim-entos, de loitas e de escravitude. Tud-a a milenaria historia da Galiza se refrexou n-íl; e n-íl tivo o máis fidel intérprete. Tud-o balbor-do da historia antiga da nosa Terra, e de ma-neira especial o cruel e longo drama sofrido pol-o noso povo baixo do despotismo dos mo-narcas centraistas, resoaba rexa e permanente-mente no gran espirtu de Castelao. Resoaba coma leición viva do pasado da patria galega, pra millor estudar as solucións do seu persente e do seu vindiouro. Por iso, no mesmo intre de morrer, o noso Castelao foi grorificado. Non foi perciso, coma xeneralmente acontece cos gran-des homes, que pasase o tempo pra lle dar perspectiva histórica e pra se lle facer xustiza. Non. Sua morte produxo axiña coma unha comoción xeolóxica no mundo da galeguida-de: o mesmo na propia patria Galiza aínda sofrente baixo unha tiranía, coma no eistran-xeiro.

¡Castelao inmorrente e grorioso aló no Alén! Xa istá íl, maxestuoso e lanzal, acrescendo a Santa Compañía d-esgrevios galegos que n-"Al-ba de Groria", seu derradeiro discurso n-un inesquecibel Día de Galiza, fixo desfiar diante

de nós ao conxuro da súa verba prodixiosa de apóstolo.

Sua incorporazón a tan lumiosa Santa Compañía, tivo de sere emozoante, radiosa e solene. Castelao, co seu filliño arreboxado docemente no seu peito, recibindo, coma primeira, a forte aberta ea bendición do mítico pai da nosa raza: do vello Breogán; logo Prisciliano, Teodosio, San Dámaso, Paulo Orosio, San Pedro de Mezonzo, San Rosendo e Xelmirez a saudalo ledos con admirazón e reverenza; o grandeiro mestre Mateo folgándose de o abrazar e de palicar con íl sobor da diviñidade do Arte; os esgrevios poetas do noso Cancioeiro ao arrodear xubilosos ea lle entoar cáervodadas gabanzas; o héroi e mártir Mariscal Pardo de Cela achegándose con dinidade a lle rendir preite-sía, máis íl se lle adianta eo abraza en sinal de reconecemento do seu sacrificio pol-as libertades da patria; a seguido moitedume de goriosos galegos a acramalo con ledicia; os escra-recidos sabeos frades Sarmiento e Feixóo a contempralo con agarimo ea saudalo con admirazón; cando aparece a doce rula Rosolía sorrindo, nimbada de luce e os brazos abertos, íl vai a éla arelante e felice ea bica emozoado na frente; logo ven o se abrazaren degorosos íl e seus amigos e compañeiros de xeiras patrióticas Lousada Dieguez e Vilar Ponte...; e, na derradeira, avanzou sereo onde a íl un mozo de corpo pequeno e rexo de espíritu, de ollar craro e lumioso, c-unha estrela na súa frente, con garimoso sorrir nos beizos: é Alexandre

Bóveda, o mártir fusilado pol-os crudeles nemi-gos de Galiza, que o saudá c-un varil ¡Terra a Nosa!, o tempo que, dos buratos dos chum-bos, aínda abertos, frorecen rosas bermellas...

¡Castelao!, noso irmán, noso mestre, noso Guieiro: tí por sempre con nosco; e nós sempre, ¡sempre!, a caron de tí. Cas verbas acesas de teu esgrevio amigo Otero Pedrayo, teño de che decir que «teu recordo é a honra do noso vivir». ¡Castelao! ¡Noso Castelao...!»

Fechando o aito, o Segretario do Consello de Galiza, deputado galego señor Antón Alonso Ríos, dixu unhas verbas no nome do mesmo refiríndose o ideario político e patriótico de Castelao i-a nosa obriga de ser merescentes da súa memoria, faguendo realidade ós postu-lados da súa loita a prol do recoñecemento dos dereitos de Galiza i-a materialización do seu anxeio de qu-o noso povo poida rexir ceibemente o seu destiño.

O domingo 7 --Dia de Loito Nazonal Galego--, aniversario da morte de Castelao, o Centro Galego depositou unha ofrenda froral no seu panteón de Chacarita --logar onde descansan os restos de Castelao--, oportunidade na cal



Garda de honor do Centro Betanzos no funeral cívico a Castelao.


fixeron uso da verba o Presidente do Centro Galego, señor Xavier Vázquez Iglesias i-o membro da Comisión de Cultura, señor Xavier Bóveda. A interpretación do Hino Galego estivo a cárego da nosa masa coral "Os Rumorosos".

N-iste mesmo día, orgaizado pol-a Comisión Intersocietaria pra conmemorar as Datas Patrióticas Galegas, realizouse un funeral cívico no casal do Centro Orensano por onde desfilaron as representacións de todas as entidades galegas que dende a mañán até a noite foron fegueno gardas de honor ante a efixie de Castelao. As dez da noite tivo lugar unha velada necrolóxica na que fixeron uso da verba representantes da coleitividade galega do Uruguai e dos povos vasco e catalán, eisí com-o escritor señor Eduardo Blanco Amor, pol-os galegos de Bós Aires i-o deputado Alonso Ríos pol-o Consello de Galiza.


